

ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DIA 13 DE XULLO DO 2009.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día trece de xullo de dous mil nove; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don Anxo Collarte Pérez, Don José Ignacio Gómez Pérez e Dona Manuela Iglesias Collarte. Non asiste Don Emilio José Cuiñas Otero.-

Está presente o Secretario do concello, Don Pablo Portela Fernández.

Está presente o Interventor do concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan ser os seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 06 de xullo do dous mil nove (Ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.

INFORMACIÓN URBANÍSTICA.

1.-“Solicitud de información urbanística interesada por don SALUSTIANO CORRAL GIRALDEZ, con domicilio en Avda. De Redondela nº4 3º Ribadavia con número de rexistro de entrada 4251. A proposta da Concelleira Delegada de urbanismo Dona Manuela Iglesias Collarte, e visto o correspondente informe técnico de data 07.07.09.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade aprobou a información urbanística que se contén naquel, sobre o lugar sito en Rúa Avia nº5 Ribadavia , a solicitude de Salustiano Corral Giraldez de xeito que se entregará ó solicitante copia selada e cotexada do devandito informe para coñecemento e efectos.”

2.-“Solicitud de información urbanística interesada por don SALUSTIANO CORRAL GIRALDEZ, con domicilio en Avda. De Redondela nº4 3º Ribadavia con número de rexistro de entrada 4250. A proposta da Concelleira Delegada de urbanismo Dona Manuela Iglesias Collarte, e visto o correspondente informe técnico de data 07.07.09.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade aprobou a información urbanística que se contén naquel, sobre o lugar sito en Rúa Avia nº3 Ribadavia , a solicitude de Salustiano Corral Giraldez de xeito que se entregará ó solicitante copia selada e cotexada do devandito informe para coñecemento e efectos.”

1º. CUALIFICACIÓNS PROVISIONAIS

“Vista a solicitude de **dona Mª Regina Vazquez Vazquez**, con domicilio na Travesía da Oliveira nº7 1º 32400 Ribadavia, no que solicita subvención para actuacións na área de rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia para a rúa Travesía da Oliveira nº7 1º Ribadavia, a Xunta de Goberno Local de acordo coa Ordenanza reguladora das actuacións na área de rehabilitación do Casco histórico de Ribadavia e tendo en conta a documentación obrante no expediente e o informe da Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, por unanimidade dos asistentes, acorda informar favorablemente a solicitude propondo a aprobación da Cualificación provisional, remitindo o expediente o Instituto Galego de Vivenda e Solo.”

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

Os membros da Xunta de Goberno Local toman coñecemento dos seguintes:

1º.- Escrito de GESTIMA S.L con data de entrada no Concello de 09 de xullo de 2009 e nº RE 4299, no que se adxunta documentación sobre a marcha da explotación da Concesión do parking sito na Alameda de Ribadavia.

2º.- Escrito do MINISTERIO DE INTERIOR, con data de entrada no Concello de 06 de xullo de 2009 e nº RE 4233, no que se achega documentación de particular, para prestación de servizos comunitarios.

A Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade dos seus membros admitir a realización dos traballos en beneficio da comunidade ao solicitante, os cales deberán ser realizados de venres a domingo, de 06:00 a 11:00 da mañá, realizando labores de limpeza.

3º.- Escrito do MINISTERIO DE INTERIOR, con data de entrada no Concello de 09 de xullo do 2009 e nº RE 4309, solicitando o cumprimento xornadas de traballos en beneficio da comunidade para un particular.

A Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade dos seus membros admitir a realización dos traballos en beneficio da comunidade ao solicitante, os cales deberán ser realizados de 08:30 a 14:30 de luns a venres, realizando traballos de xardinería para o concello.

4º.- Escrito do MINISTERIO DE INTERIOR, con data de entrada no Concello de 08 de xullo do 2009 e nº RE 4270, en agradecemento por colaborar no cumprimento das penas de traballos en beneficio da comunidade, e condicións de realización dos mesmos.

5º.- Escrito da CONSELLERIA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUCTURAS, con data de entrada no Concello de 07 de xullo do 2009 e nº RE 4236, no que se concede ao Concello de Ribadavia a obra de “Ampliación e renovación da rede de abastecementos na zona de Ventosela”.

6º.- Escrito da Consellería de Presidencia Administracións Públicas e Xustiza, con data de entrada no Concello de 10 de xullo do 2009 e nº RE 4357, no que se comunica incoado expediente sancionador.

7º.- Escrito da Consellería de Presidencia Administracións Públicas e xustiza con data de entrada no Concello de 10 de xullo de 2009 e nº RE 4358, no que non impón condicionantes á licenzia que se outorga a D. Pierluigi Zenaro.

8º.- Escrito da Consellería de Presidencia Administracións Públicas e xustiza con data de entrada no concello de 10 de xullo de 2009 e nº RE 4344 , no que se concede ao Concello de Ribadavia unha axuda económica de 18.126,00€ para equipamento para espazo verde de uso público integral en Veronza.

9º.- Escrito da CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA, con data de entrada no Concello de 07 de xullo de 2009 e nº RE 4240 no que se achega o acordo da concesión dunha subvención de 4.717,62 € para o funcionamento e mantemento da Oficina Municipal de Información ao consumidor.

10º.- Escrito da DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE, con data de entrada no Concello de 09 de xullo de 2009 e nº RE 4271, no que se adxunta resolución do concurso para concesión de subvención para peonalización, pavimentación, renovación de mobiliario urbano, supresión de barreiras arquitectónicas e illotes soterrados nos núcleos urbanos dos concellos de ribadavia e o carballiño, no marco do proxecto terras do avia.

11º.- Escrito do Consorcio Galego de servizos de igualdade e benestar con data de entrada no Concello 01 de xullo do 2009 e nº RE 4117 relativo á solicitude de desafectación de dependencias de CPI.

A Xunta de Goberno Local comunica ó Consorcio Galego que actualmente non se procedeu á desafectación por parte da Consellería de Educación, que para desafectar considera que tendrían que crearse unhas aulas destinadas a tal fin no CPI TOMAS DE LEMOS da Alameda, estando actualmente o concello pendente da realización destas obras pola Consellería a estes efectos a xunta de goberno estima conveniente que o consorcio galego se poña en contacto coa Consellería de Educación a efectos de proceder a clarificación deste extremo.

5.- CUESTIONS ECONOMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

OUTORGAMENTO LICENZIA DE APERTURA.-

“Visto o escrito de don PIERLUIGI ZENARO, onde solicita Licenzia de Obras e actividade para acondicionamento dun local para actividade de bar, segundo Proxecto Básico e de Execución que se presenta.

Visto o informe da arquitecta Dona Mercedes Álvarez López de data 14.04.09 no que se fan as seguintes consideracións:

ANTECEDENTES:

22.10.08. Solicitante: Presenta “Anteprojecto de reforma de local para actividade hosteleira” coa finalidade de obter o Informe Previo da Comisión de Seguimento do P.E.P.R.I.

21.11.08. RIB/N/90/08: Informe favorable. No Proxecto deberá presentar o deseño do rótulo.

15.12.08. Comis. Seguimento: Aprobación informe RIB/N/90/08.

18.12.08. Concello: Notificación ó solicitante da resolución da Comisión de Seguimento.

23.01.09. Solicitante: Presenta "Proxecto Básico e de Execución para o acondicionamento dun local para actividade de bar" coa finalidade de obter a Licenza de Obras e Licenza de Actividade.

29.01.09. RIB/N/90.1/08: Remisión Sanidade.

03.02.09. Concello: Remisión Sanidade.

03.02.09. Sanidade: Informe Desfavorable:
"A aplicación da Lei 28/2005, de 26 de decembro, de medidas sanitarias fronte o tabaquismo e reguladora da venda, o subministro, o consumo e a publicidade dos produtos do tabaco".

02.03.09. RIB/N/90.2/08: Remisión ó solicitante do Informe de Sanidade.

10.03.09. Solicitante: Presenta "Anexo" ó "Proxecto Básico e de Execución para o acondicionamento dun local para actividade de bar" coa finalidade de dar resposta ó Informe de Sanidade.

16.03.09. RIB/N/90.3/08: Remisión do "Anexo" á Sanidade.

03.04.09. Sanidade: Informe Favorable

INFORME:

Vista a documentación e o expediente de referencia estimo oportuno informar o seguinte:

A documentación técnica presentada, "Proxecto Básico e de Execución para o acondicionamento dun local para actividade de bar" e o seu Anexo, está redactada polo arquitecto D. José Benito Dávila Fuerte, técnico redactor do proxecto e encargado da Dirección Facultativa das Obras, non presentándose o Oficio de Coordinación en Materia de Seguridade e Saúde.

Trátase dun local de planta baixa dunha edificación que se sitúa na Zona de Protección do Casco Histórico, no que se pretende realizar obras de reforma para a súa adaptación ó uso de restaurante, que, segundo a documentación técnica referida, son as seguintes:

- retirada da tabicaría actual, xunto coas portas e as pezas do aseo actual
- retirada da tarima de madeira existente na zona do escaparate
- peche do acceso ás escaleiras que comunican coa planta soto
- limpeza e pintado de paramentos verticais onde corresponda
- execución de falso teito que conteña as especificacións necesarias para o cumprimento das normativas que sexan de aplicación
- realización dun novo núcleo de baños
- revestimentos das zonas que o requiran, baños e cociña segundo normativas
- realización dunha barra para o servizo da actividade
- realización dunha cociña coa súa correspondente extracción mecánica á cuberta coas disposicións técnicas e normativas pertinentes.

Conta con Informe Favorable da Comisión de Seguimento do P.E.P.R.I., de data de 15 de decembro de 2008.

Conta con Informe Sanitario Favorable do Servizo de Seguridade Alimentaria da Delegación Provincial da Consellería de Sanidade, de data de Rexistro de Saída de 03 de abril de 2009.

Respecto do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental, trátase dunha actividade incluída no ANEXO III. Actividades excluídas do procedemento de avaliación de incidencia ambiental, 4.1. Actividades de ocio e entretemento e de restauración previstas no Catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas da Comunidade Autónoma de Galicia, aprobado polo Decreto 292/2004, do 18 de novembro.

Por todo elo, infórmase favorablemente á concesión da Licenza de Obras e da Licenza de Actividade.

O prazo de inicio das obras é de un (1) mes e o prazo de remate de un (1) ano, a contar dende o día seguinte ó de notificación da concesión da Licenza de Obras.

O Presuposto de Execución Material estimado é de 34.682,19 ¤ (trinta e catro mil seiscientos oitenta e dous euros con dezanove céntimos).

Antes do Inicio das Obras, presentárase o Oficio de Designación do Técnico Coordinador en materia de Seguridade e Saúde; así como o deseño do rótulo a colocar.

Visto o Informe Xurídico de data 10-07-09 no que se fan as seguintes consideracións:

CONSIDERACIÓNS XURIDICAS

1º.- O art. 196 paragrafo 2º establece os supostos que esixan licencia de actividade clasificada ou de apertura e, ademais, licencia urbanística serán obxeto dunha soa resolución, sen perxuízo da formación e tramitación simultánea de pezas separadas para cada intervención administrativa.

A proposta de resolución da solicitude de licencia de actividade clasificada ou de apertura terá prioridade sobre a correspondente licencia urbanística. Se procedese denegar a primeira, notificaráselle así ao interesado e non será necesario resolver sobre a segunda.

2º.- Respecto da legalidade do outorgamento da licencia de obras debemos partir da previsión do art. 195 parágrafo 3º da lei 9/2002 que establece que se exceptúa da necesidade de presentación de proxecto técnico a execución de obras ou instalacións menores, considerándose como menores aquelas obras e instalacións de técnica simple e escasa entidade constructiva e económica que non supoña alteración do volume, do uso, das instalacións e servicios de uso común ou do número de vivendas de locais, nin afecten ao deseño exterior, a cimentación, a estrutura ou as condicións de habitabilidade ou seguridade dos edificios ou instalación de toda clase. Así mesmo establece que en ningún caso se entederan como obras menores os muros de contención.

3º.- Por outra banda a xurisprudencia do STS entende que son obras menores aquelas caracterizadas por ser de sencilla técnica e escasa entidade constructiva e económica consistindo normalmente en pequenas obras de simple reparación, ornato, ou encerramento que non precisan de proxecto firmado por provisionais titulados nin de orzamentos elevados (STS do 21 de Febreiro de 1984), entendendo que as obras solicitadas se entenden como maiores considerando así o informe técnico.

4º.- O art. 196 paragrafo 2º establece os supostos que esixan licencia de actividade clasificada ou de apertura e, ademais, licencia urbanística serán obxeto dunha soa resolución, sen perxuízo da formación e tramitación simultánea de pezas separadas para cada intervención administrativa.

A proposta de resolución da solicitude de licencia de actividade clasificada ou de apertura terá prioridade sobre a correspondente licencia urbanística. Se procedese denegar a primeira, notificaráselle así ao interesado e non será necesario resolver sobre a segunda.

Por tanto aos efectos de eliminar calqueira posible responsabilidade patrimonial da administración, de acordo cos art. 139 e seguintes da Lei 30/92 de Procedemento administrativo común, parecería oportuno resolver previa ou no seu caso simultaneamente sobre a licenza de apertura, con preferencia sobre a de obras, posto que

de resolver favorablemente a licenza de obras denegando posteriormente o outorgamento de licenza de apertura produciríase un perxuízo para o particular derivado do actuar administrativo, do que a administración sería directamente responsable.

5º- De acordo co previsto no anexo 3º do decreto 133/2008 de avaliación de incidencia ambiental, as actividades de restauración previstas no catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas da comunidade autónoma galega estarían excluídas do procedemento previsto no decreto 133/2008 e estando no caso concreto a actividade de café bar incluída no catálogo do decreto 292/2004 polo que se aproba o catálogo de espectáculos públicos de Galicia, aptdo 272 o procedemento a seguir será o previsto no regulamento de policía e espectáculos públicos.

6º- Aínda que do articulado do Regulamento de Policía e Espectáculos Públicos, non se deduza unha visita de comprobación previa antes do outorgamento da licenza definitiva, non obstante para a correcta comprobación do cumprimento da legalidade urbanística considero imprescindible a existencia da mesma, o cal podería ampararse nas chamadas “condiciones iuris” entendendo así a STS do 02/02/1989 “que con estas condiciones iuris, faise viable o outorgamento dunha licenza completando extremos dun proxecto non axustado á ordenación urbanística sendo de añadir que tales condicións deben ser introducidas por virtude das esixencias do principio de proporcionalidade, cando a acomodación da petición á legalidade aplicable resulte posible con facilidade e sen alterar a actuación pretendida”

CONCLUSIÓNS

Este é o parecer non vencellante do informante do que o seu carácter favorable se supedita ao cumprimento das condicións reflectidas nos correspondentes informes técnico e xurídicos

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda :

Primeiro.- Conceder Licenza provisional de apertura a **don Pierluigi Zenaro**, dunha actividade para bar na Rúa Trasmesonos nº1 Baixo, desta vila,.

Segundo.- Conceder licenza de obra para acondicionamento de dun local para actividade de bar a don Pierluigi Zenaro, que deberá aboar polo concepto de instalacións, construcións e obras o importe de 901,74€.

Terceiro.- Comunicar o presente acordo ao interesado.”

1.- Condicións xerais:

En todo caso é de ter en conta que as licencias outórganse a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, polo que a Administración concedente non lle incumbe a acreditación da propiedade do solicitante, senón unicamente o acomodo á legalidade urbanística das obras ou actividades. Por outra banda, e segundo é xurisprudencia reiterada, a concesión da licenza levará implícito o condicionamento de acomodo da actividade á legalidade vixente e aplicable en cada caso, debendo acomodarse deste modo, non só os condicionamentos expresamente sinalados senón tamén ás normas de directa aplicación segundo a lexislación urbanística.

A licenza concédese con independencia doutro tipo de Autorizacións administrativas que foran procedentes.

De coñecerse o destino do local e tratarse este do exercicio dunha actividade sometida ó deber de previa obtención de licenza de apertura, por imperativo do disposto no art. 22 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais e art. 196.2 da LOUGA, en todo caso subordínase expresamente a concesión da licenza urbanística á obtención da correspondente licenza de apertura, de xeito que, se non se chegara a obter esta a anterior entenderíase non concedida. Xa que logo, a eficacia da licenza de obras condiciónase nestes casos á obtención da licenza de apertura preceptiva, non podendo comezarse as obras ata a concesión desta última.

Unha vez rematadas as obras deberá obterse a licenza de primeira ocupación so pena da posibilidade de incoación de expediente de reposición de legalidade urbanística.

En lugar ben visible da obra colocará un cartel no que figurarán os nomes dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente. Colocarase por seguridade un valo protector.

Penalización: o incumprimento das condicións fixadas dará lugar a apertura de expediente de protección da legalidade urbanística (artigo 209 e ss. da Lei 9/2002), sen prexuízo das sancións a que puidera haber lugar.

Caducidade: A caducidade será declarada pola Administración municipal logo do procedemento con audiencia do interesado. No obstante, transcorridos tres anos desde o outorgamento da licenza sen que se iniciasen as obras entenderase caducada automaticamente por ministerio da lei e non se poderán iniciar as obras sen obter nova licenza axustada á ordenación urbanística en vigor.

2.- Condicións particulares:

Finalidade da actuación e uso ó que se destinará: acondicionamento dun local para actividade de bar.

Contía na que se orzan as obras: 34.682,19 €

Situación e emprazamento das obras: Rúa Trasmesones nº1 Baixo Ribadavia.

Redactor do proxecto e dirección execución material das obras: Don José Benito Davila Fuentes.

Nome ou razón social do promotor: Pierluigi Zenaro

Prazos: O prazo de inicio das obras é dun (1) mes e o prazo de remate de un (1) ano, a contar dende o día seguinte ó de notificación da concesión da licenza de obras.

Liquidación do ICIO: A licenza non terá validez sen o previo aboamento dos dereitos municipais que constan na liquidación do Sr. Interventor. Visto o orzamento estimado que figura no informe técnico e que ascende a 34.682,19 euros, practícase liquidación complementaria polo Sr. Interventor aos efectos do imposto de construcións, intalacións e obras por importe de 901,74 €a ingresar.

Outras condicións: As obras deberán axustarse o proxecto e documentación anexa aportada o expediente. O promotor da intervención ten a obriga de comunicar, coa debida antelación, o inicio das obras, para que se poida programar dende a oficina do P.E.P.R.I. o oportuno seguimento das obras.

Unha vez rematadas as obras deberá presentarse o certificado final das mesmas para que por parte do Concello se proceda a xirar a visita de comprobación técnica procedendo así en caso de ser coincidente o executado co proxectado ao outorgamento definitivo da licenza de actividade.

CONTRATO PRIVADO MENOR

Dase conta por parte do Secretario da proposta presentada polo Concelleiro de Cultura Don Anxo Collarte Pérez relativo a celebración de un contrato de edición entre o Concello de Ribadavia e un particular para a edición da obra denominada “Judios e inquisición en Ribadavia”.

No expediente constan os seguinte elementos:

- Prescricións técnicas particulares reguladoras do contrato de data 10.07.09
- Consta informe de Intervención de data 13.07.09 no que se conclúe o seguinte:

“Que en el Presupuesto General aprobado para el ejercicio 2009 por el Ayuntamiento de Ribadavia, en la partida presupuestaria 226.226.07.452 (gastos diversos), existe consignación suficiente para autorizar el gasto objeto del expediente (800 euros). Por todo lo expuesto, cabe concluir que, en relación con la actuación que se pretende llevar a cabo, existe consignación presupuestaria suficiente en el presupuesto municipal vigente.”

Deliberado sobre o particular a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade dos seus membros a realización dun contrato menor consistente en edición dunha obra literaria a cambio de pagarlle ó particular unha cantidade de 800,00 € sendo para o concello o diñeiro que se perciba pola explotación da obra, trala cesión polo autor dos dereitos correspondentes.

CERTIFICACIÓN Nº2 DA OBRA DENOMINADA RENOVACION DE INSTALCION, DOTACION DE NOVOS SERVIZOS E PAVIMENTACION DE DIVERSAS RUAS NO NUCLEO URBANO.-

“Dase conta á Xunta de Goberno Local da certificación nº 2 da obra denominada “Renovación de instalacións, dotación de novos servizos e pavimentación de diversas rúas no núcleo urbano”, redactada polo técnico director da obra Don Casimiro Fontenla Bugallo, executada pola empresa Construccións Hermanos Carrajo S.A. por un importe total de 101.189,29 euros.

A Xunta de Goberno unha vez deliberado sobre o particular adopta por unanimidade os seguintes acordos:

1º. Aprobar a certificación nº 2, anteriormente indicada por importe de 101.189,29 euros, aboamento que se fará con cargo ás aportacións do Fondo Estatal de Inversión Local do Ministerio de Administracións Públicas.

2º.- Aprobar a factura emitida pola empresa Construcciones Hermanos Carrajo S.A. co nº 616 , de data 30.06.09, pola mesma cantidade.”

3º.- Que se remita o correspondente expediente o Ministerio de Administracións Públicas.”

CERTIFICACIÓN Nº2 DA OBRA DENOMINADA MELLORA DE INFRAESTRUCTURAS NAS PARROQUIAS DE SAN PAIO, SANTO ANDRE, FRANCELOS, FRANQUEIRAN E PREXIGUEIRO.-

“Dase conta á Xunta de Goberno Local da certificación nº 2 da obra denominada “Mellora de Infraestructuras nas parroquias de San Paio, Santo André, Francelos, Franqueirán e Prexigueiro”, redactada polo técnico director da obra Don Manuel Cameáns Rodríguez, executada pola empresa Aopil S.L., por un importe total de 42.537,15 euros.

A Xunta de Goberno unha vez deliberado sobre o particular adopta por unanimidade os seguintes acordos:

1º. Aprobar a certificación nº 2, anteriormente indicada por importe de 42.537,15 euros, aboamento que se fará con cargo ás aportacións do Fondo Estatal de Inversión Local do Ministerio de Administracións Públicas.

2º.- Aprobar a factura emitida pola empresa Aopil S.L co nº 90800025, de data 30.06.09, pola mesma cantidade.”

3º.- Que se remita o correspondiente expediente o Ministerio de Administracións Públicas.”

GASTOS E FACTURAS VARIAS.-

Vistas as facturas e demais documentos xustificativos das prestacións que se expoñen á fiscalización conforme da Intervención municipal e considerando que, existe crédito orzamentario no orzamento de gastos para o exercicio 2009, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, e en uso das facultades en canto á xestión do gasto conferidas polo RD Lexislativo 2/2004 e RD 500/1990, delegadas pola Presidencia, acorda:

Primeiro.- O recoñecemento e liquidación das obrigas e polos importes que a continuación se expoñen, con imputación ás partidas correspondentes.

ACTIVIDADES ARTISTICAS LA FURA DELS BAUS S.A., primer pago (factura núm. 70/2009) da realización do espectáculo Splash dentro da programación da XXV Edición da M.I.T., por importe de 9.280 euros.

ACTIVIDADES ARTISTICAS LA FURA DELS BAUS S.A., entrega a conta do segundo pago (factura núm. 72/2009) da realización do espectáculo Splash dentro da programación da XXV Edición da M.I.T., por importe de 5.720 euros.

ARMAR ILUMINDACION Y SONIDO S.L., Montaxe, Luz e Son para actuación da Fura dels Baus, por importe de 8.528,32 euros.”

Segundo.- Comunicar este acordo e ordenar aos servizos de Intervención e Tesourería a súa contabilización e pago.

ORGANIZACIÓN MOSTRA INTERNACIONAL DE TEATRO 2009.-

Dase conta da proposta de Don Anxo Collarte Pérez como Concelleiro de Cultura e Deportes do Concello de Ribadavia, propón a Xunta de Goberno Local a aprobación da contratación de espectáculos teatrais para a Mostra Internacional de Teatro.

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda adxudicar os contratos de espectáculos teatrais as empresas que de seguido se detallan e coa aprobación do gasto que se describe: LA FURA DELS BAUS o día 17 de xullo.; GERMINAL PRODUCCIONS S.L, o día 18 de xullo.; CENTRO DE ARTE Y PRODUCCIONS TEATRAIS S.L., ó día 19 de xullo; EL ESPEJO NEGRO, ó día 21 de xullo; G.E.S. MANAGEMENT (S.M.S. MICROBAND), ó día 22 de xullo; G.E.S. MANAGEMENT (BLIK), ó día 24 de xullo”.

Así mesmo a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, presta aprobación os orzamentos presentados pola empresa ARMAR ILUMINACION E SON S.L., e que de seguido transcríbense:

1º.- Luz e Son para a XXV Edición da M.I.T., por importe de 19.418,40 euros.

2º.- Montaxe, Luz e Son para actuación da Fura dels Baus, por importe de 8.528,32 euros.”

6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as dúas e cuarto do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.

O ALCALDE

O SECRETARIO